

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

- 1 *Real decreto 1149/2015, do 18 de decembro, polo que se modifican determinados preceptos dos estatutos do Instituto de Crédito Oficial, aprobados polo Real decreto 706/1999, do 30 de abril, de adaptación do Instituto de Crédito Oficial á Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e de aprobación dos seus estatutos.*

O Instituto de Crédito Oficial (ICO), regulado na disposición adicional sexta do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, sobre medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, é unha entidade pública empresarial, que ten natureza xurídica de entidade de crédito, e consideración de axencia financeira do Estado, con personalidade xurídica, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión para o cumprimento dos seus fins. Está adscrito ao Ministerio de Economía e Competitividade a través da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa.

O ICO ten como obxectivo fundamental promover actividades económicas que contribúan ao crecemento, ao desenvolvemento do país e á mellora da distribución da riqueza nacional, e réxese polo principio de equilibrio financeiro.

Os estatutos do Instituto de Crédito Oficial foron aprobados polo Real decreto 706/1999, do 30 de abril, de adaptación do ICO á Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e de aprobación dos seus estatutos. No momento actual, cómpre unha revisión parcial destes estatutos para adaptalos á disposición derradeira segunda da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, dado que esta norma engade un novo número tres á disposición adicional sexta do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, sobre medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira.

Mediante este real decreto refórmase o Consello Xeral do ICO, órgano reitor encargado da superior dirección da súa administración e xestión. Introdúcense criterios obxectivos para o nomeamento, o exercicio das súas funcións e o cesamento dos vogais, así como para adecuar o funcionamento da institución a estas novidades.

En concreto, propónse que os vogais do Consello Xeral sexan nomeados entre persoas de recoñecido prestixio e competencia profesional no ámbito de actividade do Instituto de Crédito Oficial. Establécese que catro dos dez vogais sexan independentes, entendendo como tales aqueles que non sexan persoal ao servizo do sector público e cumpran con requisitos de honorabilidade comercial e profesional. Ademais, explicitase que non poderán ser vogais do Consello Xeral aquelas persoas que realicen a súa actividade profesional no ámbito de actividade propio do ICO. No seu comportamento os vogais deben actuar en interese da institución e consonte unha serie de principios referidos á confidencialidade da información, que coñecen en virtude do cargo, así como á súa imparcialidade, para evitar conflitos de interese tanto actuais como potenciais e tanto directos como indirectos. As causas de cesamento obxectívanse para garantir a imparcialidade dos profesionais no desempeño das súas funcións.

Tamén se modifica o réxime de adopción de acordos no Consello Xeral, para se adaptar á súa nova estrutura e potenciar a adopción de decisións que redunden nun funcionamento máis independente da entidade. Para iso, dúplícase a ponderación dos votos dos vogais independentes nas operacións de activo e pasivo propias do negocio do ICO.

Por último, modifícanse determinadas referencias normativas contidas nos estatutos para adaptalas ás disposicións actualmente vixentes.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Economía e Competitividade, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e

logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 18 de decembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación dos estatutos do Instituto de Crédito Oficial, aprobados polo Real decreto 706/1999, do 30 de abril, de adaptación do Instituto de Crédito Oficial á Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e de aprobación dos seus estatutos.*

Os estatutos do Instituto de Crédito Oficial, aprobados polo anexo do Real decreto 706/1999, do 30 de abril, de adaptación do Instituto de Crédito Oficial á Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e de aprobación dos seus estatutos, quedan modificados como segue:

Un. O número 3 do artigo 1 queda redactado como segue:

«O Instituto de Crédito Oficial rexerese polo disposto na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, pola disposición adicional sexta do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, sobre medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, por estes estatutos e, no non previsto nas normas anteriores, polas especiais das entidades de crédito e polas xerais do ordenamento xurídico privado civil, mercantil e laboral.»

Dous. O número 3 do artigo 4 queda redactado como segue:

«Tomar participacións directas en empresas financeiras, con suxeición, de ser o caso, ao establecido no artigo 169 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas. O Instituto de Crédito Oficial non poderá tomar participacións directas en empresas non financeiras, salvo que as adquira por vía de execución xudicial ou extraxudicial de determinadas garantías, caso en que procederá á súa realización aplicando criterios de oportunidade.»

Tres. O artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«1. O Instituto de Crédito Oficial estará rexido por un Consello Xeral, que terá ao seu cargo a superior dirección da súa administración e xestión.

2. O Consello Xeral estará formado polo presidente da entidade, que o será tamén do Consello, e dez vogais, e estará asistido polo secretario e, de ser o caso, polo vicesecretario.

3. O nomeamento e cesamento dos vogais do Consello Xeral corresponde ao Consello de Ministros, mediante acordo, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, que os designará entre persoas de recoñecido prestixio e competencia profesional no ámbito de actividade do Instituto de Crédito Oficial.

4. A designación dos vogais realizarase nos seguintes termos:

a) Catro vogais serán independentes, entendendo como tales aqueles que non sexan persoal ao servizo do sector público.

O mandato dos vogais independentes será de tres anos, tras o cal caberá unha soa reelección.

b) Seis vogais designaranse de entre o persoal de recoñecida competencia ao servizo do sector público, en razón do cargo desempeñado. Un máximo de dous vogais procederán do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, mentres que ao menos dous vogais públicos procederán do Ministerio de Economía e Competitividade.

5. Os vogais independentes deberán reunir os seguintes requisitos de idoneidade:

a) Posuír recoñecida honorabilidade comercial e profesional, que concorre naqueles que viñesen mostrando unha conduta persoal, comercial e profesional que non ofrezca dúbidas sobre a súa capacidade para desempeñar unha xestión sa e prudente da entidade.

b) Ter coñecementos e experiencia adecuados no ámbito de actividade do Instituto de Crédito Oficial, que concorre naqueles que conten con formación do nivel e perfil adecuados, en particular neses ámbitos, e experiencia práctica derivada das súas anteriores ocupacións durante períodos de tempo suficiente.

c) Estar en disposición de exercer un bo goberno do Instituto de Crédito Oficial, atendendo á presenza de potenciais conflitos de interese e á capacidade de dedicar tempo suficiente para levar a cabo as súas funcións.

d) Non desenvolver actividades por conta propia ou conta allea que entrañen unha competencia efectiva, sexa actual ou potencial, co Instituto de Crédito Oficial ou que, de calquera outro modo, o sitúen nun conflito permanente cos intereses do Instituto de Crédito Oficial.

e) Non estar vinculado por unha relación mercantil ou laboral, nin ter a condición de directivo ou de membro do consello de administración de entidades de crédito, establecementos financeiros de crédito, empresas de servizos de investimento, institucións de investimento colectivo, entidades de capital risco, outras institucións de investimento colectivo de tipo cerrado e as súas sociedades xestoras; nin das súas filiais nin empresas do grupo a que pertencen.

Tampouco poderán ser vogais o persoal laboral, directivo ou quen exerza postos de representación das asociacións representativas destes sectores, nin das asociacións de empresarios, profesionais e calquera outra cuxo ámbito estea relacionado coa actividade de negocio desempeñado polo Instituto de Crédito Oficial.

A valoración destes requisitos efectuaráa o Instituto de Crédito Oficial por medio do seu presidente, tomando en consideración os criterios establecidos nos artigos 30 a 32 do Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito. Para efectuar a citada valoración, o presidente do Instituto de Crédito Oficial poderalles reclamar aos candidatos a información necesaria.

Se a valoración da idoneidade do candidato resulta negativa, non se procederá ao nomeamento e, en caso de tratarse dunha potencial circunstancia sobrevida dos xa nomeados, o presidente do Instituto de Crédito Oficial deberá adoptar as medidas oportunas para clarificar as circunstancias identificadas para, de ser o caso, instar a proposta de cesamento ao ministro de Economía e Competitividade.

6. Os membros do Consello Xeral deberán exercer as súas funcións consonte os seguintes principios:

a) Actuar sempre en interese do Instituto de Crédito Oficial, no exercicio das súas funcións.

b) Gardar segredo sobre as informacións, datos, informes ou antecedentes confidenciais a que tivesen acceso no desempeño do seu cargo, mesmo cando cesasen nel. Exceptúanse deste deber os supostos en que a lei permita a súa comunicación ou divulgación a terceiros ou que, de ser o caso, sexan requiridos ou se deban remitir ás distintas autoridades administrativas ou xudiciais e, se é o caso, os derivados do cumprimento do principio de xerarquía administrativa, caso en que a cesión de información se deberá axustar ao disposto nas leis.

c) Absterse de participar na deliberación e votación de acordos ou decisións en que el ou unha persoa vinculada teña un conflito de interese, directo ou indirecto. Para estes efectos, enténdese por conflito de interese o establecido no artigo 11.2

da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado.

7. Os vogais do Consello Xeral cesarán no seu cargo:

- a) Por renuncia aceptada polo ministro de Economía e Competitividade.
- b) Por finalización do seu mandato, no caso dos vogais independentes.
- c) Por cesamento no seu cargo, no caso dos vogais procedentes do sector público.
- d) Por incapacidade permanente.
- e) Para os vogais que sexan persoal ao servizo do sector público, por incompatibilidade sobrevida conforme o previsto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e, de ser o caso, na Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio de alto cargo da Administración xeral do Estado.
- f) Para os vogais independentes, por falta sobrevida de idoneidade para o cargo, de conformidade co previsto no número 5.
- g) Mediante separación acordada polo Consello de Ministros, por iniciativa do ministro de Economía e Competitividade, debida a incumprimento grave dos deberes do seu cargo, entre outros do deber de confidencialidade ou reserva de información privilexiada, así como por ter incorrido nunha situación de conflito de intereses de conformidade co disposto no número 6.

8. O Consello Xeral poderá nomear un vicepresidente de entre os seus membros designados de entre persoal ao servizo do sector público. O vicepresidente substituirá o presidente en caso de ausencia, enfermidade ou vacante.

9. Ás reunións do Consello Xeral poderán asistir, con voz pero sen voto, os directores xerais e outro persoal cualificado do Instituto, logo de acordo ou convocatoria ao respecto do presidente ou do propio Consello.»

Catro. O número 1.c) do artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«c) Aprobar as contas anuais do Instituto, a memoria e o informe de xestión.»

Cinco. Engádesse un novo número 5 ao artigo 9, polo que os números 5 a 8 se reenumeran como 6 a 9. O número 5 terá a seguinte redacción:

«5. Non obstante o anterior, para a adopción exclusivamente de acordos relativos a operacións financeiras de activo e pasivo propias do negocio do Instituto, cada un dos vogais independentes disporá de dous votos.»

Seis. O artigo 10 queda redactado do seguinte modo:

«Os membros do Consello Xeral, o secretario e o vicesecretario percibirán exclusivamente as indemnizacións por asistencia ás súas sesións de conformidade co disposto no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.»

Sete. Modifícase a redacción do número 1.h) do artigo 12 e engádesse unha nova letra n) ao dito número:

«h) Formular as contas anuais do Instituto e sometelas para a súa aprobación ao Consello Xeral, así como elaborar a proposta de aplicación de resultados, da cal será informado aquel.»

«n) O presidente será o órgano de contratación do Instituto.»

Oito. Os números 2 e 3 do artigo 17 quedan redactados do seguinte modo:

«2. A xestión dos bens patrimoniais do Instituto de Crédito Oficial rexerese polo disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

En relación cos bens e dereitos adquiridos polo ICO como consecuencia do exercicio da súa actividade crediticia, co propósito de devolvelos ao tráfico xurídico patrimonial, o ICO estará facultado para o seu alleamento con suxeición aos principios establecidos na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

3. O Instituto de Crédito Oficial queda sometido ás disposicións relativas a entidades de crédito, con excepción das normas relativas aos límites aos grandes riscos e das que regulamentariamente se establezan.»

Nove. O artigo 18 queda redactado do seguinte modo:

«Dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio, o presidente informará o Consello Xeral sobre a proposta de aplicación de resultados e someterá á súa aprobación as contas anuais, a memoria e o informe de xestión. No mes seguinte ao da súa aprobación, o Consello Xeral elevará tales documentos á consideración do ministro de Economía e Competitividade, quen aprobará a aplicación de resultados, logo de informe non vinculante do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que se emitirá no prazo de dez días desde a súa solicitude.

Igualmente, o presidente remitirá as contas e a documentación anterior á Intervención Xeral da Administración do Estado para a súa rendición ao Tribunal de Contas conforme o establecido na Lei xeral orzamentaria.»

Dez. O artigo 19 queda redactado do seguinte modo:

«Os beneficios do Instituto de Crédito Oficial aplicaranse consonte a seguinte orde:

- a) A constituír as reservas necesarias para que a suma dos seus recursos propios non sexa inferior á que corresponda segundo a normativa reguladora dos recursos propios das entidades de crédito.
- b) A dotar o fondo de provisión a que se refire o número catro da disposición adicional sexta do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, cando así o dispoña o ministro de Economía e Competitividade.
- c) A constituír as reservas voluntarias que, por proposta do presidente do instituto, autorice o ministro de Economía e Competitividade.
- d) A ingresalos no Tesouro Público.»

Once. O número 1 do artigo 23 queda redactado do seguinte modo:

«1. O Instituto de Crédito Oficial axustará a súa actividade contractual ao dereito privado, de conformidade co texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.»

Doce. Os números 4 e 5 do artigo 24 quedan redactados do seguinte modo:

«4. O Instituto de Crédito Oficial velará pola transparencia das súas emisións no mercado secundario.

Ás emisións de valores do Instituto de Crédito Oficial seranlles de aplicación, en canto aos requisitos exixidos para elas, os artigos 41.h), 38.3 e 14 do Real decreto 1310/2005, de 4 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de admisión á negociación de valores en mercados secundarios oficiais, de ofertas públicas de venda ou subscripción e do folleto exixible para tales efectos. Na súa virtude, non lles serán aplicables os requisitos do artigo 38.2 nin os do capítulo III do título I do citado real decreto, de conformidade co previsto no Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do mercado de valores.

A publicación das características de cada emisión no *Boletín Oficial del Estado* substituirá a escritura pública recollida no texto refundido da Lei do mercado de valores. As características dos valores faranse constar nunha certificación expedida polo Instituto de Crédito Oficial.

Así mesmo, a débeda do Instituto de Crédito Oficial que se instrumente en valores negociables será admitida de oficio á negociación nos mercados secundarios de valores organizados. Para tal fin, estes negociaranse, cando proceda, no mercado de débeda pública en anotacións. Todo iso de conformidade co texto refundido da Lei do mercado de valores, en materia de admisión á negociación de valores en mercados secundarios oficiais, de ofertas públicas de venda ou subscripción e do folleto exixible para tales efectos.

5. Os riscos relativos ao Instituto de Crédito Oficial terán, para os efectos previstos na normativa de recursos propios das entidades financeiras, a mesma ponderación que os da Administración xeral do Estado. Os riscos contraídos co Instituto polas entidades financeiras quedan exceptuados dos límites establecidos á súa concentración e aos grandes riscos.

Aos valores emitidos polo Instituto de Crédito Oficial seralles de aplicación o disposto no segundo parágrafo do artigo 50.2.b) do Real decreto 1082/2012, do 13 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003, de 4 de novembro, reguladora das institucións de investimento colectivo.

Da mesma forma, os valores emitidos polo Instituto de Crédito Oficial consideraranse incluídos na excepción recollida no artigo 16.4, parágrafo quinto, do Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

Para os efectos do disposto no artigo 16.5 do Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, as compañías de seguros poderán investir ata o 100 por 100 das súas provisións técnicas en valores emitidos polo Instituto de Crédito Oficial.»

Trece.

As referencias realizadas ao Ministerio de Administracións Públicas entenderanse realizadas ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Catorce.

As referencias realizadas ao Ministerio e ao ministro de Economía e Facenda entenderanse realizadas ao Ministerio e ao ministro de Economía e Competitividade.

Quince.

As referencias realizadas á Secretaría de Estado de Economía entenderanse realizadas á Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango en canto contradigan ou se opoñan ao disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de decembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO